

CASTELAO TENDRA UN BRONCE EN SU RIANXO

El 27 de setiembre tendrá lugar en la villa de Rianxo, lugar de nacimiento de Castelao, un acto destinado a honrar su insigne figura y en el transcurso del cual se descubrirá un busto, donado a esa localidad por el Patronato de la Cultura Gallega de Montevideo, reproduciendo la imagen del gran hombre público gallego.

Como es sabido la comisión que tiene a su cargo la organización de tan importante evento está presidida por el Dr. Agustín Sixto Seco, titular del Patronato Rosalía Castro, e integrada por un conjunto de las más relevantes personalidades gallegas.

Para hacer uso de la palabra en el acto inaugural han sido designados un representante de la institución donante del bronce, el presidente de la Federación Mundial de Sociedades Gallegas y del Centro Gallego de Buenos Aires, don Juan Manuel Pérez, y el eminente polígrafo gallego don Ramón Otero Pedrayo. Las palabras preliminares correrán a cargo del Dr. Agustín Sixto Seco quien dará cuenta de la gestión llevada a cabo por la comisión, por

él presidida, a efectos de que Castelao pudiera tener en Galicia el bronce que perpetúe su memoria en mérito a cuanto él luchó por las más arduas y justas reivindicaciones de Galicia y lo que supuso su aporte literario y artístico a la mayor honra de la plástica y literatura de nuestra patria.

En conocimiento del próximo viaje del señor Juan Manuel Pérez un numeroso grupo ha resuelto acompañarlo para estar con él en el trascendental e histórico acontecimiento que supone para Galicia el entronizamiento del monumento al inolvidable Castelao, y participar de las recepciones que, en su carácter de presidente del Centro Gallego, le serán ofrecidas por la Academia de Bellas Artes la Virgen del Rosario, Patronato Rosalía Castro, Editorial Castrelós, Real Academia Gallega, y Patronato del Museo de Pontevedra. Estos encuentros serán aprovechados por el visitante para conversar sobre posibilidades más hondas de contacto entre la emigración y estas señeras instituciones patricas, al mismo tiempo que sus autoridades recibirán presentes de hondo simbolismo por ser réplicas de

diversos acontecimientos sucedidos en la Argentina y que fueran protagonizados por los emigrados de nuestra tierra.

El señor Juan Manuel Pérez ha sido invitado para disertar, sobre temas referidos al aporte de la emigración al patrimonio cultural gallego, en el Ateneo de Madrid, Aula de la Cultura de Santiago y, otras entidades literarias.

También estará a cargo del mencionado viajero la colocación de una placa de homenaje a Castelao, en su casa natal, respondiendo así a la resolución oportunamente tomada por la H. Junta Directiva del Centro Gallego que de esta manera interpretó el anhelo de toda la colectividad de Buenos Aires.

Castelao recibe, así, el homenaje de sus hermanos emigrados en el Río de la Plata que no vacilan en hacerse presentes en el lugar de su nacimiento para, con quienes viven en la Galicia metropolitana, compartir una fiesta patriótica de hondo significado. Y a un gallego de sangre cabrá el honor de hablar por los que allí nacimos y los que aquí son nuestra continuidad.

CORREO DE GALICIA

Dirección y Administración: Loria 553 • Tel. 89-0740 • Precio m\$n. 200
Registro de la Propiedad Intelectual N° 971.586 • Ley 18.188, \$ 2.-

Director: Francisco Ragueira

Año IX - N° 193 - Bs. Aires, Junio 13 de 1975

EL CENTRO UNION TOMIÑENSE POR LA UNION DE LA COLECTIVIDAD Histórica decisión unitaria

El día 8 del actual, a las 9 horas, tuvo lugar la asamblea convocada por el Centro Unión Tomiñense para considerar como punto principal lo concerniente a la incorporación de esta prestigiosa entidad a la unidad, ya aprobada, de los Centros Coruñés, Pontevedrés y Orensano.

Para informar sobre el particular hizo uso de la palabra el titular de la institución, señor Manuel Vilán, quien hizo una amplia exposición historiando el desenvolvimiento del mundo emigrado, en su aporte masivo en favor de nuestra patria, y lo hecho en la Argentina en el campo societario, para beneficio de los gallegos y sus hijos; asegurando que la caída de la riada migratoria ha ocasionado una atonía social que condena a las instituciones a una pronta e irreparable desaparición, agregando que, frente a este panorama, debemos enfrentar con realismo las cosas y fusionar centros y sociedades para, a través de una institución poderosa seguir manteniendo los principios de defensa de lo gallego.

Por unanimidad fue aprobado el informe y votada por aclamación la incorporación del Centro Unión Tomiñense a los centros unificados.

También fue aprobado el aporte de los tomiñenses al Premio Periodístico Daniel Calzado Poceiro, quien fuera el primer alcalde republicano de ese municipio, estableciendo su monto en \$ 500.000 m/n.

Destaquemos que el día 14 la Sociedad de Cuntis realiza asamblea para considerar su incorporación a la unión de la colectividad y el 6 de julio lo hará, con el mismo propósito, la Peña de Portas y Parroquias del Salnés.

Los trabajos unitarios avanzan. El éxito va coronando los esfuerzos de quienes alimentan el fuego de tan patriótica pasión.



Primero su bronce en Buenos Aires, y ahora en su Rianxo natal.

Xesús Ferro Couselo

SANTIAGO — Se celebraron en Cordeiro (Valga) las exequias por el alma del historiador y hombre de letras gallego, don Xesús Ferro Couselo.

Numerosas coronas y ramos de flores cubrían el féretro, depositado hasta el momento de su conducción a la sacramental de Cordeiro, en su domicilio familiar, enviadas desde todas las provincias de Galicia.

Varios cientos de personas hicieron presente su dolor a la viuda de Ferro Couselo, doña María Teresa y sus hijos Jesús y María Teresa, entre las que se encontraban representantes de la Academia Gallega, de la Universidad de Santiago, editorial "Galaxia", Institutos de Enseñanza Media de Orense, Agrupación Cultural "Auriense", agrupación cultural, "O Facho", cabildos ca-

tedráticos de Santiago y Orense, escritores y artistas gallegos, así como otras personalidades y amigos del finado.

En representación del gobernador civil de Orense estaba el sub-jefe provincial del Movimiento. En nombre del alcalde de la ciudad de las Burgas, en la que don Xesús Ferro pasó los últimos treinta y cuatro años, uno de los tenientes de alcalde orensanos.

¿UN NOVO FEDERALISMO ESPAÑOL?

Día a día vaise máis forte sentindo o balbordo, que xa está sendo rebumbio e tronada. A cada intre medran os berros dos doctos e oprimidos, porque disque se achega a caída da opresión, pero os seus brados se mixturaron cos dos futuros poderosos, e co berrar fariseo dos que non queren deixar de ter a forza e o poder. Mes a mes chega a liberación... ¿Liberación? Escóitanse berros e as bandeiras treman ao vento... Mais, ¿de quen son as bandeiras?

Entraméntas, Galicia fica lonxa, calada e afastada de todo, allea a calquer movemento. Da cando en vez, un berro indefinido e unha cadea. E os comunistas, eles si, coa súa rede espallada, da que non máis que eles se servirán, porque os demais ficamos a dormir. Euzkadi e Catalunya tefien a voz, e a forza, e as ideas. Mais Galicia sigue calando, a emigrar si cadra.

Logo vai acontecer o que sempre foi: colleránnos dormidos e farán coa nosa xente o que querran. Saian por onde saian; diñen o que diñen. O labrego e o marifeiro galegos seguirán a ser os escravos do Imperio, as betas que Madrid munguirá, até pode que os novos recadeiros do proletariado en dictadura. Sempre fódidos por o cú da vila.

E terémolo ben merecido, porque en troques de espillinos pra ter parte na tallada da nosa soberanía, xa nada máis que parte, cando a hora chegue nin un de nós estará preparado, nin soio un de nós. E nos marearán as Juntas Democráticas e os allecos que endexamáis sentiron ao noso pobo nin querrán facer o es-

forzo de seren pobo galego, ese doce esforzo. E voltarán a xogar connosco as novas dictaduras que non serán a dos nosos homes.

E unha vez máis ficará Galicia lonxe da liberación e da luz, a calar no escuro, a chorar no silencio, a emigrar tan lonxe coma conveña. E Xan Labrego seguirá aferrado polo puto diñeiro dos seus calos, a contar os cartos e a morrer de cobiza si non o fai de fame. E de aquela seguirá a ser o mao, o cobizoso, o burgués e o reaccionario.

E será todo porque tampouco hoxe soupmos nos xunguir e amar á nosa xente.

Polo de hoxe albiscase lonxán un sistema federal dentro do Estado Español.

E evidente que o presente Réxime de comezos do 1975 está chamado, quer que a evolucionar, e non lentamente, quer que a desaparecer e ser reemplazado por outro enteiramente novo e avanzado. Os factores que levarán a Historia por un camiño ou outro son moitos e variados. Algúns poden resultar de doado agoiro, como a inminencia da legación de poderes de Franco ou da súa morte; a posíbel entrada no Goberno de elementos menos reaccionarios; a hipotética revelación política dun Juan Carlos de ideas relativamente progresistas que deica hoxe estivera non máis que representando unha comedia... Mais existe un factor básico e absolutamente decisivo, que polo de hoxe presentase fora de toda previsión certa: a postura militar diante de calquera cambio político brusco, sexa o provocado pola morte do vello ou por calquera outro posíbel aqueloutramento que non interese aos poderosos ou aos que din que preferen a *luxustia* se desorde. Moito me gustaría determe a analizar —entre tebras, por suposto— as posibilidades que as Forzas Armadas Españolas poden presentar neste intre coma elemento de democratización ou de socialización. Pero nada decisivamente revelador sairá de tal análise, malia o cal pretendo axetar máis tarde, a pesares da falta de datos.

Varías son as forzas que, tanto dende dentro do Réxime coma fora del, considéranse estar a xeito pra colleren as rédeas do poder nacional ou rexional. Alíeo a elas, todo movemento liberador de Galicia. Agora ben: o mesmo totalitarismo reinante está agora, por cabo, recoñecendo non samente que as rexións existen, mais tamén certas inclinacións descentralizadoras ou moi tímidamente autonomistas. Polo de agora, ninguén fala de federalismo dentro do sistema, pero a palabra xa se escoita, e é pra pensar que si o fascismo seguira a desgobernar ao pobo español, en breves anos, menos dun quinquenio cecáis, tería por forza de se plantear unha alternativa federal. Non ignoro que o federalismo fica, en principio, ben fora dun Réxime que dende a súa base é fundamentalmente autoritario, é decir, centralista. Mais tal federalismo estaría na línea das concesións inoperantes, de iure mais non de facto, quero decir que soio aparentes, verbais, pero necesarias pra pervivencia dun sistema caduco alen dos coarenta anos. Sería un federalismo, si cadra, dentro dun réxime central e totalitario, coma coídamos ser o soviético, pero tamén un camiño de partida á falla doutro me-

llor, ou da forza pra conquistar a base da verdadeira liberación. Un indicativo de que a rexión escomenza a tomarse moi en serio é que as máis das non nadas *Asociaciones Políticas* do Réxime chantan a *regionalización* dentro dos seus programas, o que certamente a nada práctico vai levar, pero é sintoma claro de que hai xa un estado de opinión, o que sin dúbida e na meirande parte debido a actuación de ETA e máis do Front d'Alliberament Catalá, dos que Galicia ningún equivalente ten, agás o UPG. Este aparéceme tan pouco efectivo e fora de realidade social galega que podería caxe apresentarse como asociación política española. Pero imos deixar pra máis logo tamén un análise dos puntos fundacionais do UPG e algunha matineación en col do que unha organización militar clandestina propia podería rentar a Galicia.

Estuvemos na hipótese de que o totalitarismo do Movimiento seguira a manter o poder, pero isto soméllanos o menos probable, inda que o cambio pode ser non tan súpeto como pensan os progresistas españois, e cecáis a plazo non tan curto. E difícil agorir, pois que nos agoiros mixtúrase a eito o que un sabe e pensa e prevé co que un anseia. Onde quero eu chegar é a que, si o Goberno actual cal, os candidatos (i eiqui candidato ven de cándido) antifascistas pra o substituir son todos —de beizos pra fora, entendámonos— aces partidarios do sistema federal en canto as nacionalidades españolas (1). Díxen todos, chámense Junta Democrática (2), Unión General de Trabajadores, Liga comunista Revolucionaria, Partido Socialista Obrero Español, Frente Sindicalista Revolucionario, Grupos de Acción Revolucionaria Internacionalista, Movimiento Ibérico de Liberación coa súa ponia militar Organización de Lluvia Armada, Partido Comunista de España (marxista-leninista), Organización Revolucionaria de Trabajadores, Unión Sindical Obrera, Democracia Cristiana, Partido del Trabajo, Confederación Nacional del Trabajo-Bordeaux, Federación Anarquista Ibérica, Movimiento Comunista de España, Partido Comunista Español...; e tal sin chegarnos a outro que non ousou clasificar como antifascista, quero decir a Tradición Carlista ("Dios, Patria, Fueros"), pero que podería estar chamado a representar no porvir un papel moito máis relevante do que cabe atribuírle nunha primeira ollada actual.

Quixen deica aquí significar que pra min España camíña en xeito difícilmente reversíbel cara formas de superior decisión rexional: tende á solución federal, o que non quer decir que se vaia conquistar de seguro a curto plazo. Mais anque chegáramos a un sistema político chamado federal ¡ollo!: as formas do federalismo son tantas coma degraos de autonomía poida unha comunidade humana ter, é decir, infinidas; a palabra federalismo de seu non significa moito. Mais claro é o concepto separatista, endebén ue tanto unha solución como a outra han ficar en función da calidade de redención do pobo galego a todos os niveis (¡non é un problema económico! ¡Non o é!) que pretendamos acadar.

SARGADELOS EN MADRID

Cerámica Sargadelos, que hace poco tiempo habilitó una sala de exposiciones en Barcelona con evidente éxito acaba de abrir otra más en la capital española, lo que le permitirá exponer su producción al mismo tiempo que la riqueza bibliográfica, gallega, trabajos fotográficos pictóricos y escultóricos y brindar magníficas posibilidades para que diserten allí relevantes figuras gallegas que, de esta manera, mostrarán a los madrileños las peculiaridades diferenciadas gallegas, las aspiraciones de nuestra Tierra con respecto a las múltiples facetas de su desenvolvimiento y fijarán hitos basados en un real conocimiento del ostracismo y marginación en que se tiene a Galicia.

La habilitación de la nueva Galería Sargadelos de Madrid constituyó un verdadero acontecimiento ya que permitió reunir en ese acto a lo más granado de nuestra emigración en Madrid.

DIA DAS LETRAS GALEGAS EN MONTEVIDEO

En conmemoración do Día das Letras Galegas, en Montevideo (Uruguay), levouse a cabo un emotivo acto, en lembranza da exemplar figura de Xoán Manuel Pintos, un dos máis xenuinos representantes do nomeado Renacemento Literario Galego no século XIX. O acontecemento, que tivo lugar na céntrica e fermosa Galería Losada, foi organizado polo Patronato da Cultura Galega de alta cidade, asistindo unha numerosa e calificada concurrencia. Tomaron parte no mesmo, o Segretario de Aílas, doña Iolanda Díaz de Rodríguez, Pereira, e a Segredaria de Aílas, doña Iolanda Díaz de Rodríguez. O primeiro pra asinalar a transcendencia filolóxica, poética e aínda prosística do homenaxeado, enmáis de louvar as súas inquedanzas no eldo sociae. A segunda, pra ler un feixe de poemas do propio autor da "Gaita Galega". A efemérides, instituída pola Real Academia Gallega, tivo, pois, en Montevideo unha celebración moi exaltada.

Gonzalo Torrente Ballester

El polígrafo gallego Gonzalo Torrente Ballester ocupará en la Real Academia Española el sillón vacante desde la muerte de Juan Ignacio Luca de Tena. En la votación realizada se impuso al otro candidato, el comediógrafo Miguel Mihura.

El nuevo académico nació en El Ferrol en 1910 estudiando la carrera de Filosofía y Letras y de Derecho en las Universidades de Santiago de Compostela, Oviedo y Madrid. De proficua labor literaria ha ocupado cátedras en diferentes lugares de España y

en nuestra Tierra fue profesor de los Institutos de Santiago, Ferrol, Pontevedra y Vigo. Permaneció varios años como Profesor de la Universidad de Albany, Estados Unidos; fue titular de la cátedra Historia General en la Escuela de Guerra Naval y ejerció el periodismo.

Su amplia labor novelística está considerada como una de las más interesantes de la actual literatura española, por lo que este lauro no hace más que confirmar las dotes de nuestro paisano.

CELA, "FAMOSO"

El escritor y académico, Camilo José Cela, propuesto por un grupo de intelectuales franceses para el Nobel de Literatura, ha recibido en Madrid la "F" de famoso y el Premio Naranja, concedido a la simpatía por una penia periodística.

EXPOSITO INMOBILIARIA

PROPIEDADES
HIPOTECAS
Martillero Público

Av. MAIPU 3771
OLIVOS
Tel. 797 0228

Beatriz Elena Ansele
de Sánchez

ABOGADA

Avda. de Mayo 1111
Tel. 37-9001

CASA POZA

ARTICULOS PARA EL HOGAR

NUEVAMENTE EN SU ANTIGUO LOCAL
PRECIOS ESPECIALES

Descuentos únicos a Sociedades y Colectividad Española

JOSE POZA

TRIUNVIRATO 4485

TEL. 51-7648

Fábrica de Paraguas y Sombrillas
Ventas por Mayor y Menor

Gómez Hermanos

TALLER DE COMPOSTURAS

MONTES DE OCA 49 — Av. MITRE al 400)
Tel. 22-0254 — Avellaneda



MAS GRANDES
MAS RICOS
¡ESTAN PARA COMERSELOS

ARTES GRAFICAS

IGLESIAS

Impresiones de Calidad

CORVALAN 460

Tel. 641-3379

BUENOS AIRES

Pastoral Do Bispo de Mondoñedo-Ferrol

A FE CRISTIAN ANTE A CUSTION DA LINGUA GALEGA

"Queridos irmáns:

Dende fai tempo veno matinando en escribivos algo encol da nosa lingua galega. Hei de confesarvos humildemente que tiven as miñas dúbidas e o meu medo en facelo. Supoña que as miñas palabras podían ser mal entendidas por uns e instrumentalizadas por outros. Por unha banda, habería quenes entendesen o que eu escribira en favor da nosa lingua como unha acción non pastoral senón política partidista, da que eu quería estar ceibe; por outra banda, non faltarian quenes aproveitasen estas mesmas palabras en favor das súas ideoloxías políticas concretas, nas que eu, como bispo, non poido ni debo entrar.

Todo isto fíxome plantexar a fondo o problema á luz do Evanxelio coa única finalidade de clarear cal debía ser a miña actitude pastoral. Aquí alumeo-me o camiño a seguir. As mesmas palabras de Cristo foron por moitos, e tamén foron e siguen sendo instrumentalizadas por todas as ideoloxías. Cristo o sabía e, nembargantes, falou. O que queira ser discípulo de Cristo non pode acadar mellor sorte que a do seu Mestre.

Unicamente quero deixar equi testemuño de que non hai en min outras motivacións que me leven a escribir sobre este problema —que por outra parte xulgo de moita actualidade— que a miña fidelidade á fe cristiá e á miña misión apostólica entre nós. Se algún me xulga de outro xeito, alá a súa conciencia. Deixo o seu xulgo nas mans de Deus, que nos ha de xulgar a todos. Tan soio vos prego que recibades estas miñas palabras co amor con que van escritas.

O DESPERTAR DA CONCIENCIA COLECTIVA: O FENOMENO SOCIOLOXICO

A sociedade galega parece mostrar nos nosos días unha sensibilidade crecente ante todo aquilo que se refere á súa propia personalidade. Por todas partes espunta hoxe en Galicia como un despertar da conciencia comunitaria: vaise extendendo a convicción de que formamos un pobo dotado de personalidade propia, e de que o noso desenvolvemento integral como persoas ten que pasar necesariamente polo desenvolvemento da súa personalidade comunitaria.

Esta progresiva onda de interés abranxa os diversos aspectos do noso ser colectivo: tanto o cultural como o económico, como o sociopolítico. Tal atención á totalidade dos aspectos humanos é probábel-

mente garantía de que ese movemento espiritual responde á unha auténtica preocupación polo home enteiro, e non a intereses unilaterais ou partidistas. Quen ama ao home de verdade, non pode despreciar ningunha das diferentes esferas en que se desenvolve a súa vida.

UN DESAFIO A IGREXA

En todo caso este fenómeno social presenta un desafío á Igrexa galega de hoxe. A Igrexa ten como misión facer vivo ao longo do decorrer da historia o perenne mensaxe de salvación á humanidade en e por Xesucristo.

"Pra cumprir tal misión, incumbe á Igrexa a obriga de escutar os sinais dos tempos e de interpretarlos á luz do Evanxelio, de maneira que poda responder, dun xeito adecuado en cada época, aos eternos interrogantes dos homes sobre o sentido da vida presente e futura e sobre relación que existe entre ambas. Compre, pois, coñecer e comprender este mundo no que vivimos, as súas esperanzas, as súas aspiracións e a súa indole a cotío dramática" (GS.4).

"E propio do pobo de Deus, e especialmente dos pastores e mais dos teólogos, espertar, discernir e interpretar coa axuda do Espírito Santo, as moitas voces do noso tempo e valoralas á luz da palabra divina, pra que a Verdade revelada poda ser mellor percibida, mellor entendida e expresada na forma máis axeitada" (Gaudiun et Spes, 44).

O Espírito "sopra onde quer" (Xn 3,8), e a Igrexa percursa percibir no mundo o seu sopro, que fai tremolar os corazóns, pra facer chegar el a "Leda Noticia", o Evanxelio.

"SINAL DOS TEMPOS"

Creemos que non será desmesurado afirmar que o despertar da conciencia colectiva é un claro

"sinal dos tempos" na nosa sociedade galega de hoxe. E, en efecto, tamén dentro da mesma comunidade eclesial se descobre unha crecente atención á nosa idiosincrasia. De día en día medra o número de cristiáns, tanto sacerdotes como leigos, que enmarcan a tarefa da súa vida dentro dese despertar de conciencia, pra estes esa toma de postura resulta ser unha consecuencia que flui necesariamente da súa fé en Cristo, Salvador dos homes.

Por eso, non son poucos os cristiáns que se preguntan: ¿non ten a Igrexa, como tal, unha palabra que dicir ante un feito de tal indole?

Pensamos que en boa medida a Igrexa galega é consciente deste reto que lle lanza o presente, e que non seu Concilio Pastoral está tentando darlle unha resposta adecuada. Deus queira que acerte.

A VERTENTE IDIOMATICA

Elqui propoñemos simplemente analizar unha das facetas do fenómeno: a faceta cultural, e especialmente a cuestión da lingua; núcleo no que se condensa a cultura dun pobo. Tal vez sexa precisamente neste terreo onde a conciencia colectiva se está mostrando máis sensíbel. O emprego da lingua galega por escrito aumenta visiblemente en xornais e revistas; cada vez son máis as publicacións que a adoptan como lingua básica; nos mesmos medios de comunicación audio-visual a lingua galega vai facendo a súa aparición, aínda que timidamente. E cada día son máis os que adoptan falar decote a lingua nativa, e toman esta actitude como un compromiso cuns valores e un testemuño público.

Non deixa de ser significativo que sexan principalmente os xovens os que se amosan máis agudamente sensíbeis ante este problema, especialmente aqueles que

acadaron un grado máis outo de capacidade crítica fronte á estrutura social en que viven, como son os intelectuais, estudantes e os comprometidos en movementos políticos que van alcontrando eco entre o noso pobo, ben sexa na clandestinidade ben sexa no marco da legalidade vixente, percuran integrar a reivindicación da lingua galega, cada un dentro da súa ideoloxía e do seu xeito, mais pra algúns constitúe mesmo un dos puntos básicos do seu programa.

Ante este fenómeno que atinxe tan vastas proporcións na nosa sociedade e que tende a espallarse máis e máis a Igrexa fai a súa misión de ser presenza ou sacramento de Cristo no mundo, se non precúrase esclarecer este manifesto "sinal dos tempos" á luz da súa fe. ¿Qué nos di a nosa fe cristiá? ¿cal debe ser a actitude dun cristián ante a cuestión da nosa lingua galega?

HISTORIA DO PROBLEMA

Pra podermos interpretar cumpridamente a situación actual, será conveniente botarmos ante todo unha ollada rápida ás súas raíces históricas.

A SITUACION ORIXINAL

Cando se prodúxe a desintegración do latín popular, este proceso deu orixen, nos distintos territorios antigamente pertencentes ao imperio román, a diversas linguas irmás. No territorio correspondente hoxe a Galicia xurdiu un romance distinto, de identidade moi característica: a lingua galego-portuguesa. Durante varios séculos foi a única empregada en Galicia, tanto oralmente como por escrito.

Como idioma nativo do país, era a lingua do pobo común, dos nobres e dos reis. Nela redactábanse os documentos privados e oficiais, e escribíanse as obras literarias. Os nosos arquivos históricos gardan centos de manuscritos en lingua galega, que testemuñan o seu emprego escrito pra todas as necesidades da vida social. A lingua galega chegou a ser o idioma poético de xentes alleas. Caso moi coñecido é o do rei castelán Alfonso X o Sabio, que escolleu a nosa lingua pra composición dos seus poemas, nomeados as "Cantigas de Santa María". Así a lingua galega acadou coa súa lírica dos séculos XIII e XIV un nivel de primeiro rango na literatura universal.

O PROCESO DE COLONIZACION CULTURAL

Andando o tempo, a vinculación política de Galicia e Castela trocouse en presión uniformadora, tendente a afogar a personalidade propia de Galicia. O proceso iniciouse cos chamados Reis Católicos de Castela e Aragón, non sin alcontrar fonda resistencia por parte dun pobo que se vía privado de algo que, moitas veces inconscientemente, consideraba sustantivo. Pro a forza do mais forte impúxose.

Esta política de despersonalización comunitaria da nosa rexión

tivo unha aplicación relevante no eido cultural. O emprego social da lingua galega viuse dende entón sometido a unha sistemática restricción explícita unhas veces e toimada outras; Galicia foi privada dos seus dirixentes políticos e eclesíasticos, e no seu lugar foron enviados ao país funcionarios de lingua castelá.

Afastada da vida social e cultural, a lingua galega, pouco a pouco, deixou de ser lingua escrita e quedou relegada á fala coloquial do pobo humilde. Nos catro longos séculos da historia que nos separan daquel momento, esta situación permanece inmutada, e foise mesmo agravando de mau do centralismo político.

O COMPORTAMENTO DA IGREXA GALEGA

Nunha sociedade maioritariamente católica, na que a Igrexa desempeñaba un papel social de primeiro rango, a actitude dos eclesíasticos non podía deixar de ser decisiva. E, efectivamente, se quixésemos resumir en poucas palabras o comportamento histórico da Igrexa galega, teríamos que recoñecer que, en definitiva, contribuíu a intensificar o proceso de alienación cultural.

Ao noso pobo transmitíase a fe cristiá xeralmente non na súa lingua cotidiá, senón na lingua castelán; e ensinábale a rezar, ou mesmo a confesarse, en castelán e non en galego. Igualmente, na súa vida administrativa a Igrexa prescindiu do galego e valseou do castelán.

En parte esta actitude da Igrexa galega foi o resultado de imposicións alleas, de natureza política. Por unha banda, a xerarquía eclesíástica proviña con frecuencia de fora da rexión. Por outra banda, até hai poucos anos, a división administrativa eclesíastica non recoñecía a unidade xeográfica e xurídica de Galicia. Baixo a metrópoli compostelá incluíanse tamén diócesis non galegas, por exemplo, Oviedo. Este factor determinou, en certo grado, toda a pastoral, e concretamente o emprego da lingua, sobre todo en certos casos, como nos Concilios provinciais.

A dicir verdade, non faltaron na Igrexa galega ao longo do tempo, persoas conscientes que denunciaron abertamente o proceder oficial da Igrexa a este respecto. Aínda hoxe causa admiración, por exemplo, a clarividencia das palabras escritas hai dous séculos polo P. Sarmiento: lamentábanse de que aos galegos se lles ensinase a doutrina cristiá nunha lingua allea, e repetidamente solicitou a convocatoria dun concilio rexional pra que a Igrexa galega estudase a cuestión do idioma.

Do resto, a historia da literatura galega longa serie de eclesíasticos que demostraron apreciar cumpridamente a nosa: dende Saco Arce até os nosos tempos, pasando polo coengo López Ferreiro e polo arcebispo Lago González.

A SITUACION ACTUAL: NOVOS FACTORES DE EROSION

O proceso de despersonalización cultural da nosa rexión continúa aínda no momento actual; pro agora con intensidade moito máis elevada. Os factores erosivos da lingua achán agora potenciados a súa eficacia destrutora en virtude do alcance masivo que acadan as medidas restrictivas da nosa civilización moderna.

Por una parte, entra aquí en xogo o ensino. Até ao momento presente, o ensino oficial descoñece practicamente a existencia dunha cultura galega propia. A universalización do ensino trae, paradoxicamente, consecuencias negativas pra cultura de Galicia. Os nenos galegos dependen a leer e a escribir en castelán mentras son alfabetos na súa propia lingua.

Por outra parte actúan os medios de comunicación de masas, especialmente a radio e a tele-

(Continúa pág. seguinte)

HOTEL NOGARO

DE BUENOS AIRES

PTE. JULIO A. ROCA 562 - 33-0091

DIRECCION TELEGRAFICA NOGARO

LA MAS IMPORTANTE EMPRESA HOTELERA A SU SERVICIO
UN LUGAR PARA EJECUTIVOS EN PLENO CENTRO PORTEÑO
ALTA COCINA FRANCESA EN SU RESTAURANT "CHEZ LOUIS"
SALONES PARA CONVENCIONES, CONFERENCIAS,
BANQUETES Y FIESTAS.

¡NO OLVIDE!

En sus viajes a Buenos Aires alójese en el

HOTEL NOGARO

y estará mejor que en su casa

Aire acondicionado y teléfono en todos los ambientes

PASTORAL

(Viene de pág. anterior)

visión: reservados cuase exclusivamente á lingua castelá prosiguen o antigo proceso de erosión do galego, mais agora cunha eficacia moi superior á desenvolvida por todas as medidas coactivas emanadas polo centralismo político dos séculos pasados.

Non faltan en Galicia voces que soan a alarma ante a gravidade da situación: a lingua galega comenza a verse ameazada; restrinxida no seu despliegue social, abandonada ás súas propias forzas de lingua cuase exclusivamente oral, e alonxada dos centros de decisión política e económica, corre perigo, se non de morrer, si de deixar de ser a lingua maioritaria de Galicia.

OS DATOS ESTADÍSTICOS

No momento presente, a lingua galega é aínda o idioma materno da maioría da poboación galega. As últimas sondaxes feitas indican que ao redor de 75% dos habitantes de Galicia teñen como lingua materna o galego.

O proceso histórico de mimetización cultural imposto dende arriba non podía manterse durante un período tan longo de tempo sin que producise efectos perdurables. Resultando del é que hoxe a parte restante —notábel, aunque minoritaria: ao redor do 25%— da poboación galega ten como lingua materna non o galego senón o castelán.

AS CONSECUENCIAS ANTROPOLOXICAS

A situación presente é grave, non só observada baixo o prisma da ameaza á sobrevivencia maioritaria da lingua no próximo futuro, se as cousas non maduran. A súa verdadeira gravidade reside nas consecuencias que hoxe mesmo está xa orixinando a nivel antropológico, ou sexa, os efectos que produza nas persoas que constitúen a comunidade falante galega.

Como dedución do feito de que a lingua dos que teñen a cultura, o poder e máis a riqueza é o castelán, entre o noso pobo foise divulgando o prexuício de que falar galego é "falar mal" mentras falar castelán é "falar ben". Este errado estado de conciencia, provocado polo desaxuste idiomático, comenza a se formar xa no período da infancia: o ensino nunha lingua diferente da súa lingua vital produza na personalidade dos nenos galegos un choque traumático, de consecuencias perdurables, e en contradición coa mesma natureza da pedagogía. Consecuencia dese sistema de ensino é a depresión cultural da rexión, que se ramifica en múltiples concretizacións, postas de manifesto polas estadísticas. Así ven resultando que a bifurcación lingüística desemboca nunha auténtica discriminación sociolóxica.

A reacción inconsciente do pobo galego consiste, por unha parte nun complexo de inferioridade colectiva que o incapacita pra apreciar e desenvolver as propias facultades, por outra, unha actitude extendida de desarraigo cultural e de mimetización alienante. A luz dos datos históricos que vimos podemos afirmar que o pobo galego é máis vítima que responsable deste patolóxico estado de conciencia. Parece evidente que pra devolverlle a confianza

en si mesmo, haberá que mudar esa anómala situación idiomática.

Estas son as características xerais da nosa situación social ao respecto da lingua. Como cristiáns temos a obriga de esforzarnos por alumear coa lámpara da nosa fé: ¿qué nos di a nosa fe cristiá ante esa situación da lingua galega e polo tanto do home galego?

A FE CRISTIAN ANTE A NOSA SITUACION: DESENROLO INTEGRAL DA PERSOA

O mensaxe cristiá amóstrase como unha chamada ao desenrolo integral da persoa humana: "Nos designios de Deus cada home está chamado a desenrolarse, porque toda vida é unha vocación. Dende o nacemento é dado a todos en xerme un conxunto de aptitudes e de calidades pra facelas rendir: a súa plena madurez, froito da educación recibida no propio ambiente e do esforzo persoal, permitiralle a cada un orientarse cara o destino que lle propón o seu Creador" (Populorum Progressio, 15).

"É propio da persoa humana acadar un nivel verdadeira e plenamente humano se non é mediante a cultura, ou sexa, cultivando os bens e valores naturais. Polo tanto, ondequer se trate da vida humana, a natureza e a cultura alóntanse intimamente unidas. Por "cultura" enténdese, en sentido amplo, todo aquilo co que o home afina e desenrola as súas innumerábeis dotes espirituais e corporais" (Gaudium et Spes, 53).

COMO DIMENSION FUNDAMENTAL

A lingua constitui, por así decir, o corazón de toda cultura. No idioma foi apousando pacientemente, no decorrer dos séculos, a idiosincrasia dunha determinada comunidade. A lingua ven a ser unha especie de precipitado espiritual dun pobo. Por eso, toda medida que afecta ao desenvolvemento da lingua ten inmediata repercusión no desenrolo integral do pobo que a creou e que lle da vida.

A antropoloxía moderna presta especial atención á función primordial que a lingua desempeña na vida do home. Algúns chegan mesmo a definir ao home como "o animal que fala". A capacidade de falar constitui, de por si, unha dimensión esencial e característica do ser humano. Tal capacidade desplégase só mediante os idiomas reais e concertos. I eiqi é preciso salientar cal e o condicionamento lingüístico fundamental: o da lingua materna.

Todo ser humano realiza os seus primeiros contactos persoais co mundo mediante un idioma: a través del val entrando en relación coas cousas e coa sociedade humana; e en pouco tempo aprópase definitivamente dese sistema lingüístico que vai ser durante toda a súa vida o seu idioma materno.

A lingua materna non é un elemento accesorio ou advenedizo na constitución da personalidade. As súas raíces penetran no

máis fondo do ser humano e conforman o modo de ser de cada individuo. Non é un elemento permutábel a vontade; é un condicionamento permanente, do que non é posíbel prescindir sin provocar un trauma interior. Pra o desenrolo da persoa non é indiferente que esa facultade humana de falar, coa que o home se constitui socialmente en persoa, se realice mediante a lingua materna ou mediante outra lingua distinta. O pleno desenrolo da necesidade natural que todo home ten de comunicarse oralmente, só se efectúa no ámbito da lingua que ún leva no seu sangue. Non se dará, pois, un desenrolo integral que sexa á vez persoal e comunitario, se se deixa a un lado o desenvolvemento idiomático.

A DOCTRINA DA IGREXA

En consonancia con estes principios, a doutrina social da igrexa proclama repetidamente o respecto á lingua de cada pobo. Eis como se expresaba xa o Papa Pío XII "Nun orden social baseado nos principios morais, non pode haber lugar á opresión aberta ou calada das peculiaridades culturais e lingüísticas das minorías nacionais, pro impedir coartar as súas capacidades económicas, pra limitar ou abolir a súa fecundidade natural". (Radiomensaje do Nadal 1941; AAS 34 (1942) 17).

Na enciclica "Pacem in Terris" escribía Xoán XXIII: "Temos que afirmar da maneira máis explícita que unha acción encamiñada a reprimir e abafar a vitalidade e expansión das minorías, é unha violación de xusticia"; "responde en cambio, a unha existencia da xusticia que os poderes públicos contribúan a promover eficazmente o desenvolvemento das minorías, favorecendo dun xeito especial a súa lingua, a súa cultura, os seus costumes, os seus recursos e as súas iniciativas económicas" (97-98).

Non están fora de lugar eiqi as consideracións de Paulo VI na súa enciclica "Populorum Progressio": "Rico ou probe, cada país ten unha civilización recibida dos seus devanceiros: institucións necesarias á vida terrea e manifestacións superiores —artísticas, intelectuais e relixiosas— da vida do espírito. Cando estas derradeiras conteñen verdadeiros valores humanos sería un grave erro sacrificarlas ás primeiras. Un pobo que consentise neso, perdería o mellor de si mesmo; sacrificaría, pra vivir, as súas razóns de vivir. O ensino de Cristo val tamén pra os pobos: de qué lle sirve ao home ganar o mundo enteiro se perde a súa alma? (Mt. 16.26)" (40).

Neste mesmo sentido poderíamos citar algunhas declaracións de outras xerarquías eclesásticas da nosa rexión.

APLICACION A PRESENTE SITUACION SOCIAL

Por fidelidade á nosa fe cristiá, sentímonos obrigados en conciencia, por unha parte, a denunciar como inxusto o estado de desfavor social en que se ten relegada

a lingua galega..., e por outra parte, a exhortar ao home galego a que tome conciencia da súa propia riqueza espiritual, e a que adopte unha actitude de reconciliación consigo mesmo. Dende a nosa condición de cristiáns, consideramos aberrante o exclusivismo do castelán en todos os ámbitos da vida social de Galicia.

Ao mesmo tempo, non podemos esquecer que o galego non é, como xa vimos a única lingua materna da poboación galega; hai unha minoría que ten como idioma materno o castelán, e que en xusticia non pode ser preterida baixo ningún botivo. Se pretendesemos impórle a lingua da maioría, estaríamos caído no mesmo crime cometido até agora contra os falantes galegos.

A solución xusta e razoábel consiste, ao noso ver, en que a vida social de Galicia reflexe na súa vertente idiomática a proporción lingüística que se da na realidade. Esixase, pois nos diversos sectores da vida pública unha estrutura bilingüe na que ao idioma galego lle corresponde o lugar de honor propio da lingua maioritaria da poboación. Tal estrutura bilingüe da sociedade galega contribuirá a un enriquecemento común dos dous grupos lingüísticos, e provocará unha renovación fecundidade cultural.

A este respecto é oportuno lembrar a advertencia como os membros das minorías de Xoán XXIII, que indicaba culturais se mostran un espírito aberto, poden mesmo sacar proveito da penosa situación en que se viron envoltos, sin por eso renunciar en nada aos seus dereitos colectivos: "E razoábel que tamén as ventaxes que se derivan da súa especial situación: o contacto permanente cunha cultura diferente, cuícos valores poderán converter en seiva e sangue propios, contribuirá en medida apreciábel ao seu propio perfeccionamento humano". (99).

Pra que se acade o equilibrio idiomático que a xusticia esixe, é preciso que nas diversas facetas da vida social se dé acollida ao idioma galego na medida correspondente.

En primeiro lugar, a lingua galega debe ser recibida co honor que lle corresponde no ensino público. Xulgamos positivo —e amostremos a nosa gratitude pública— que algunhas medidas recentes da administración comencen a que ese camiño se prosiga até saír ao encontro desta esixencia, pro tamén consideramos necesario acadar o grao que é de razón e de xusticia.

En segundo lugar, háse de percurar a xusta proporción idiomática nos medios de comunicación de masas. Na radio e na televisión a lingua galega ha de ter un emprego proporcional á vida real dos cidadáns aos que tales medios se dirixen. E verdade que nos últimos tempos aparecen indicios positivos neste sentido. E preciso que este proceso se acelere até acadar o grao que a realidade social postula.

E finalmente, tamén na rama da vida social que se refire ás diversas esferas da administración, o galego debe ser respectado como lingua do pobo ao que esa administración está chamada a servir.

A LINGUA GALEGA NA VIDA ECLESIAL

Se a Igrexa ten que estar atenta a facer sentir a súa presenza ali onde se decide dalgunha maneira o destino dos homes, sexa no eido económico ou político ou cultural, con maior razón debe examinarse a si mesma pra confrontar a súa actuación co mensaxe que proclama. O contrario equivalería a cair no fariseísmo denunciado por Cristo: falar dunha maneira i obrar doutra.

Con humildade temos que recoñecer que a Igrexa galega non está ceibe de complicitade a respecto da presente situación social da lingua galega. O seu fácil sometemento ás presións externas afogou con frecuencia a enerxía de sal da terra e fermento na masa que leva dentro de si; con demasiada facilidade se resignou ás veces a actuar como instrumento de colonización do noso pobo.

Pro podemos estar ledos de que nos toca vivir nun tempo de gracia. Debemos considerar

un sinal da asistencia do Espírito o feito de que a actitude aclesial con respecto á cuestión idiomática estexa mudando visiblemente. Son significativas algunhas afirmacións do Concilio Pastoral de Galicia no seu esquema encol do Ministerio da Palabra (proposicións 2.9; 3.3; 3.15), así como a vontade dos bispos e sacerdotes, amostrada dunha maneira especial na progresiva divulgación da liturxia en galego, pola que tanto traballou o noso moi querido e lembrado cardenal de Santiago, don Fernando Quiroga Palacios.

Coidamos deben animar con decisión i exemplo esta actitude de encarnación nos valores do pobo que temos de evanxolizar, e, por tanto, na lingua galega. O motivo fundamental que nos move a esta opción, radica na mesma natureza da Igrexa. Ela é o "sacramento de Cristo", que perpetúa no tempo a súa obra salvadora. A novidade do noso evanxelio cristián estriba precisamente en que Deus quixo salvarnos facéndose ún de nós, "semellante a nós en todo menos no pecados" (Heb. 4.15). A Igrexa correspóndelle a misión de facer presente no mundo o misterio da encarnación de Deus en cada tempo i en cada pobo.

Por eso "non sacrifica en ningún pobo nada da súa riqueza temporal, senón que, ao contrario, favorece e asume as súas facultades, os seus valores e os seus costumes, no que teñen de bon, e ao asumílos purifícaos, fortaleceos i elévaos" (Lumen Gentium, 13). "Xa dende o comenzo da súa historia depredou a expresar o mensaxe cristián por medio dos conceptos e da lingua de cada pobo"; "esta acomodación no anuncio da palabra revelada debe seguir sendo lei de toda evanxelización, porque deste xeito despértase a capacidade de expresar o mensaxe cristián da maneira apropiada pra cada pobo, i estímúlase un intercambio vital entre a Igrexa e as diferentes culturas" (Gaudium et Spes, 44).

Estes principios teñen aplicación ante todo na vida litúrxica da comunidade eclesial: "Nen sequer na Liturxia pretende a Igrexa impór unha uniformidade rixida naquelo que non afecta a fe ou ao ben de toda a comunidade; polo contrario, cultiva e fomenta o espírito e as cualidades típicas das diversas razas e pobos (Sacrosanctum Concilium, 37).

Permitímonos exhortar aos sacerdotes que adopten con convicción a lingua galega pra o seu labor apostólico en todas as súas facetas, e concretamente no terreo litúrxico, cando se trate de comunidades galego-falantes. Será así máis fácil que o home galego descubra na Igrexa a presenza dunha salvación que se dirixe a el, e que lle fale no máis íntimo do seu corazón. E a Igrexa galega, "segundo o exemplo do plan divino da encarnación" (Ad Gentes, 22), cumprirá coa súa misión de ir facendo do home galego un "home novo, que se vai restaurando constantemente a imáxen de Aquele que o creou" (Col 3.10).

Non se nos oculta que, dado o complexo de inferioridade que con respecto á súa lingua, se impoña unha verdadeira catequesis pra facerles comprender os valores humanos e relixiosos da súa lingua, e que non teñen nin deben falarlle a Deus-Pai noutra lingua distinta daquela en que lle fala a súa nai, ao seu pai o a os seus fillos. Creo sinceramente que esta catequesis debe quitarlles esa inseguridade que sinten na súa lingua e darlles firmeza de que non son menos persoas porque falen a lingua que depredaron de nenos.

Remato esta carta pastoral na festa de Pentecostés, na que celebramos a vinda do Espírito sobre os Apóstoles. Con este Espírito descubriremos o sentido dos acontecementos daquel día en que as xentes que acudían a Xerusalén de diversas rexións do mundo, sentiron resacar no fondo da súa alma a predication dos Apóstolos: porque —dicián— "ouvimos falar cada ún na súa propia lingua, na lingua en que nacemos, das maravillas de Deus" (Cfr. Act. 2.6.8.11).

Con estes desexos i esperanzas vos saúda e benzoa o voso bispo, MIGUEL-ANXO.

CASA SIERRA

LA MEJOR COCHERIA

Desde cualquier distancia y hora...
un llamado telefónico...

Y UN EMPLEADO A SU DISPOSICION
UNICA Y EXCLUSIVA

concesionaria de los servicios fúnebres del
CENTRO GALLEGO
de Buenos Aires

FEDERICO LACROZE 4168
Tel. 54 - 7000 y 9000

CALLAO 228
Tel. 40 - 9110 y 6517

A 5 meses de la aprobación del Estatuto

LAS ASOCIACIONES POLITICAS ENTRE LA ATOMIZACION Y LA ATONIA

Si los diecisiete intentos asociativos que en estos instantes salpican las páginas de los periódicos se convirtieran algún día en realidad, habría que contar con la existencia de no menos de medio millón de ciudadanos politizados "dentro de un orden": el asociativo. Aunque el optimismo nos llevara a creer que tal hecho pudiera producirse, es indudable que ni son todos los que están ni estarán todos los que son.

El intento atomizador, que parafraseando una repetida frase podría llevarnos a decir que España es un país de treinta millones de asociaciones, parece que quiere ser seriamente combatido por la Secretaría General del Movimiento, proclive a las grandes asociaciones aglutinadoras de amplias aunque determinadas corrientes de la vida política nacional.

En estos momentos parecen estar de acuerdo los observadores políticos en que es mayor el ruido que las nueces. Las últimas retiradas de personalidades de la vida pública (Fraga Iribarne), las significativas ausencias de grupos con poder de convocatoria ("Táctic") y las clamorosas incursiones soslayando el Estatuto (Gil Robles) no parecen presagiar gran ayuda a un Reglamento que, en opiniones diversas, ha llegado tarde.

Sopa de siglas

El juego de los nombres y de las siglas que en este momento despidan no poco al lector español de periódicos es el siguiente:

Reforma Social Española (RSE), Unión Democrática Española (UDE), Unión Nacional Española

la (UNE), ANEPA, F.E. y de las JONS, Unión del Pueblo Español, Unión Social Popular (ASP), Cambio Democrático, Asociación Laborista, Asociación Regionalista, Asociación Proverista, Alianza Popular de Izquierdas, Acción Social Monárquica (ASM), Mayoría Silenciosa Unida (MSU) Unidad y Convivencia Nacional y Nueva Sociedad Rural.

Las nueve primeras, al menos aparentemente, quieren hacer activa y fuerte su presencia en la participación política nacional.

La Asociación Laborista y la Regionalista, cada una por distintos motivos, se encuentran en un compás de espera.

A los proveristas todavía no les ha contestado el Consejo Nacional, mientras que a la Alianza Popular de Izquierdas se le respondió con una rigurosa negativa.

La Acción Social Monárquica procedente de la Hermandad del Maestrazgo, parece querer levantarse tras su escisión con el gran grupo de base tradicionalista.

Unidad y Convivencia Nacional, promovida por el señor Viasa de ser un hermoso intento participativo, al igual que la Nueva Sociedad Rural. El proyec-

to de la Mayoría Silenciosa Unida no deja de ser un susurro.

Una posible abstención del ochenta por ciento

Antes de pasar a hablar de cada una de ellas, no puede marginarse un dato sumamente indicativo. Según una reciente encuesta llevada a cabo por "Metrá-Seis", el 48,3 por 100 de los españoles (partiendo de la muestra seleccionada) no estaría dispuesto, en absoluto, a formar parte de una asociación política. Un 8 por 100 piensa que probablemente no se asociará, y un 23,8 por 100 no sabe o no contesta.

A la vista de estos datos, teniendo en cuenta además que los canales de que se nutre de información política el español medio son audiovisuales, habrá que utilizar la radio y la televisión si realmente se desea que el Estatuto de Asociaciones Políticas tenga alguna viabilidad.



Dr. PEDRO F. PRADO
— Abogado —

Lunes, Martes y Jueves
Consultas
de 17 a 19 hs.
Tel. 40 4379

SARMIENTO 1934
2º piso (ascensor)
Departamento 4
Estudios

Cinturones Tiene un Nombre

"BRIGANTIUM"

J. Alfonso Reboreda y Cia. S.A.C.I.A.

ESTERO BELLACO 7141/43
Tel. 641 - 1913 y 641 - 7204

SERVICIOS FUNEBRES
AMBULANCIAS
TRASLADOS

COCHERIA VEGLIA

SALAS VELATORIAS EN CAPITAL Y PROVINCIA

INT. BECCO 1069 (SAN ISIDRO)
SUCURSAL: AVELLANEDA 1614

DESCUENTOS ESPECIALES A LOS
SOCIOS DEL CENTRO GALLEGO Y
DEL CENTRO ORENSANO

CONSULTAR TELEFONICAMENTE
T.E. 743-0400 SAN FERNANDO
747-2022

PROXIMAMENTE EN CAPITAL

¿ QUIEN ES QUIEN ?

Pasemos ahora al quién es quién en el mundo del asociacionismo hispánico.

REFORMA SOCIAL ESPAÑOLA (R.S.E.). — De momento, la única asociación política en funcionamiento provisional. Procedente, en un principio, de los antiguos miembros del Frente de Juventudes, ha resaltado en su ideario su vocación social democrática. Presentó su solicitud ante el Consejo Nacional quince días después de que fuera aprobado el Estatuto de Asociaciones. El día 5 de abril tuvo lugar, en Madrid, la primera asamblea general de R.S.E., que en la actualidad cuenta con siete mil firmas de las doce mil personas comprometidas. Su local social se encuentra en la avenida de José Antonio 80.

UNION DEMOCRATICA ESPAÑOLA (U.D.E.). — Proyecto asociativo que sobre el papel cuenta con gran poder de convocatoria. De la primera asamblea nacional que convocaron el pasado día 7 surgió una comisión gestora constituida por los ex ministros Silva Muñoz y Monreal Luque, así como por los señores Almagro, Carriles, De la Mata, Jiménez Mellado, Ofiate, Osorio, Reguera y Udina Martorell. Se da el hecho de que cinco de los diez componentes de la citada comisión han pertenecido al grupo "Táctic". Se consideran demócratas cristianos, aunque no hayan querido utilizar el nombre para evitar polémicas con los grupos reconocidos por la Unión Europea Demócrata Cristiana. Partidarios de la remodelación de los órganos legislativos, constituidos por el sufragio directo de todos los españoles mayores de dieciocho años, aspiran a presentar su solicitud ante el Consejo Nacional para mediados de julio, cuando cuenten ya con un mínimo de 25.000 firmas. Su local social se halla en Estébanez Calderón 5.

UNION NACIONAL ESPAÑOLA (U.N.E.). — Idea asociativa de base tradicionalista, aunque con un claro deseo integrador. Tras la constitución de un secretariado —compuesto por los señores Larrainzar Yoldi, Fagoaga, Castro Guardamino, Abascal, Gómez Jakostsi y Melis Saera— y la adopción del nombre —sujeto a posibles cambios—, el grupo promotor ha mostrado su deseo de presentarse ante el Consejo Nacional en la primera semana de junio, coincidiendo con la convocatoria de su primera convención nacional. Además de los componentes del Secretariado, U.N.E. cuenta con personalidades tan notables como don Antonio María de Oriol, don Lucas María Oriol, don Iñigo Oriol, don José María Valiente, don José María Zamanillo y don Agustín Asís, entre otros. Su domicilio social se encuentra en Conde de Xiqueña, número 13.

ANEPA. — Procede de la Asociación Nacional para el Estudio de los Problemas Actuales. En su convención nacional del pasado día 11 se decidió sustantivar las siglas y entrar en el juego asociativo. Sus más conocidos promotores (don Leopoldo Stampa, presidente, y don Salvador Serrats Urquiza, vicepresidente) han mantenido numerosos contactos con diversas figuras políticas. No son excluyentes de ninguna ideología que no sea la comunista y no descartan la posibilidad de federarse con alguna asociación de ideas afines como podría ser la Unión Nacional Española. Consideran su ideario como de derechas en lo político y de izquierdas en lo social y lo económico. Pretenden presentarse ante el Consejo Nacional no sin antes haber recogido las 25.000 firmas necesarias.

FALANGE ESPAÑOLA Y DE LAS J.O.N.S. (F.E. Y DE LAS J.O.N.S.). — Proyecto asociativo que intenta conseguir la unidad de los múltiples grupos falangistas.

El Consejo Nacional ha denegado la posibilidad de utilizar el nombre, por considerarlo patrimonio del Movimiento. Recientemente, han protagonizado una amplia polémica por sus declaraciones de no adhesión a la idea monárquica. Su domicilio social está en Ferraz 80.

UNION DEL PUEBLO ESPAÑOL. — Nombre definitivo procedente del antiguo proyecto asociativo Alianza del Pueblo, en el que además de los señores Fueyro Alvarez, Pinilla, Romero Gómez y Solís Ruiz, se encontraban Herrero Tejedor y Adolfo Suárez, separados posteriormente del grupo con motivo de sus nombramientos como ministro secretario general del Movimiento y vicesecretario general del Movimiento, respectivamente, en el último reajuste ministerial. La asociación se perfila con un matiz claramente movimientista, y manifiesta su lealtad al Estado Nacional fundado por Francisco Franco. De llevarse a cabo, se perfila como una de las grandes acogidas al Estatuto de Asociaciones.

UNION POPULAR DEMOCRATICA (U.P.D.). — Promovida y protagonizada por el procurador en Cortes y concejal del Ayuntamiento de Madrid don Enrique Villoria. Tiene sus principales puntos de apoyo en las asociaciones de consumidores, lo que hace suponerle un elevado potencial de firmas. A pesar de ello y de haber hecho público un proyecto de programa, todavía no se tiene decidido si la solicitud ante el Consejo Nacional se presentará antes o después del verano.

ACCION SOCIAL POPULAR (A.S.P.). — Apoyada en las Hermandades del Trabajo, aunque con una actuación totalmente independiente de las mismas, se trata de una idea asociativa que se define dentro de los movimientos socialdemócratas europeos, con una adecuación a la realidad española. Sus promotores —entre quienes se encuentran don Felipe Martín Sanz, don José María Millán y don Carlos Miguel Sanz— suponen que los trescientos mil afiliados a las Hermandades del Trabajo pueden proporcionarles suficiente base como para que el proyecto asociativo se mueva con fuerza. De todas formas, no esperan tener la asociación lista para antes de 1976.

CAMBIO DEMOCRATICO. — Proyecto promovido por una serie de jóvenes profesionales, entre quienes se encuentran los señores Basco Plaza, Bernabéu González, Domecq Bertrán de Lis, García Orcóyen, Gavilanes Dumont, López López, Peña González y Serrano Cos-Gayán. La idea asociativa, que podría incluirse en un centro-izquierda ha elaborado ya su programa, que fue presentado hace unos días a los medios informativos. El programa, de treinta y seis puntos, se basa en un reformismo de las instituciones para adecuarlas a la realidad del país.

ASOCIACION LABORISTA. — Promovida por dos procuradores en Cortes de representación familiar, que se mantiene en la sombra, uno de sus portavoces es el concejal del Ayuntamiento de Valencia don Higinio Pérez A.c.e. Propugnadora de una democracia social y de un sindicalismo horizontal, tras las reuniones que mantuvieron sus promotores, desde el 11 al 15 de abril pasado, no se llegó a adoptar ningún acuerdo.

AS LETRAS GALEGAS NA ARXENTINA

por Denis Conles

De todas as provincias que compoñen esa dispersa xeografía que chamamos Galicia Emigrante é a Arxentina a que ten participado con máis forza, con máior afoiteza, na loita pola restauración e a afirmación de personalidade cultural diferenciada do povo galego. Abonda, para comprobar a veracidade deste aserto, lembrar os múltiples feitos con que os galegos do noso país teñen enaltecido e honrado o nome da súa Terra matricial. Isto non podería ser atribuído, por certo á simple casualidade. Pensamos que na Arxentina téñense dado as condicións necesarias —non repetidas conxuntamente nos outros países da diáspora galega— que permitiron o florecemento dunha xurdia e vizosa comunidade de emigrados, en permanente relación social, cultural e espiritual coa Terra Nai.

Cremos que esas condicións pódense resumir nestas catro determinantes esenciais: a cantidade, certamente masiva, dos galegos que chegaron desde sempre ás nosas praias; a continuidade do proceso emigratorio, que non sufriu interrupcións durante cen anos; a calidade intelectual e patriótica das figuras directivas e representativas forxadas por esa comunidade emigrada; a liberdade como exercicio cotián e como guía permanente da coexistencia, fronte a si mesma e fronte ao destino de Galicia.

Sobor das bases creóuse, nas beiras do Río da Prata, esa pequena Galicia de Alen-Mar que ten por capital a colectividade galega de Buenos Aires. Nela lévase realizada unha extensa e meritosa labor galeguista, que abrangue as formas e os campos máis variados. Mais hoxe queremos lembrar un dos aspectos máis significativos dese traballo: a literatura galega producida da Arxentina.

Entendemos por literatura galega —isto ha de quedar ben claro— a literatura escrita en idioma galego. Non esquecemos que a maior parte da extraordinaria obra feita polos emigrados realizouse en castelán; fose, nunha época, porque o galego aínda non tiña atinxido o nivel literario adecuado; fose, tanto onte como hoxe, porque a necesidade de establecer unha comunicación masiva obriga a empregar o idioma do país. Mais agora o que queremos é amosar —e demostrar— que o cultivo literario da lingua galega mantívose vivo ao longo dun século entre os inmigrantes galegos da Arxentina.

Atoparemos, nesta literatura da emigración, obras do máis alto nivel, escritas por autores de primeira liña; algúns deles formados intelectualmente en Galicia; outros, que é o máis revelador, produto da mesma emigración. Atoparemos, tamén obras e autores de niveis modestos —e até modestísimos—, que non carecen de importancia cando pertencen a aqueles tempos —lonxanos ou próximos— en que escribir no idioma prohibido era, maiormente, unha declaración de fe no porvir venturoso de Galicia e na vitoria final do seu pobo.

Como nos move un criterio máis histórico que estético, imos manter un tanto alonxados das valoracións críticas precisas. Xa sabemos que todo proceso histórico, —sexa político, literario ou de calquera outra índole— é naturalmente impuro. O mellor pois será botar unha ollada panorámica aos nomes e aos títulos que na poesía, na narrativa, no teatro e na prosa didáctica son os máis representativos das letras galegas na Arxentina.

A poesía

A poesía é a forma expresiva máis utilizada polos escritores da emigración. Ela permítenos manifestar máis doadamente as lembranzas e a saudade da terra perdida. Precisamente *Lembranzas e saudades* chamábase unha poesía publicada en Buenos Aires, alá polo lonxano ano de 1877, e que pertence a un dos primeiros autores que escribiron en galego na Arxentina: o padronés Manuel Barros, nome literario de Manuel Vázquez Castro, apaixonado xornalista e patriota, a quen Murguía pensaba incluír nos seus *Precursores*.

Outros poetas de fins do século pasado e principios do actual son Xosé García Taboada que inseriu algunhas pezas en galego no seu libro bilingüe *Nocturnos* editado en Córdoba en 1886; o historiador Bernardo Barreiro de Vázquez Varela que estivo pouco tempo no país; o sacerdote tudense Prudencio Areal Alonso que chegou a ser bispo auxiliar de Santiago del Estero; o culto escritor Bernardo Rodríguez Ribeira; Ramón de Lartundo; Martín Díaz Spuch; Fortunato Cruces; e o esgrevio historiador e xornalista Manuel Castro López a quen se lle deben algunhas boas poesías, e entre elas a coñecida melodía *O consolo*, musicada polo mestre Paz Hermo.

Ná célebre antoloxía de Euxenio Carré Aldao recóllense aínda

máis nomes daquela época: o muradán César Augusto Cisneros Lucés, fundador do primeiro periódico galego da Arxentina no 1879; Manuel Nôvoa Costoya e o profesor e ensaísta Ricardo Conde Salgado, autores de moitas poesías costumbristas; o médico compostelán Domingo Villar Vázquez, radicado en Mendoza; Francisco Suárez García; Adolfo Rey Ruibal; e tamén Xulio Camba, quen alcanzara despois a fama internacional pola súa obra humorística en castelán.

O mellor representante das primeiras décadas da nosa centuria é o presbítero Alexandre Miguens Parrado, que pasou a maior parte da súa vida na cidade de Córdoba, onde escribiu algunhas boas poesías como *Morriña*, *¡Ei!* e *Sede de amor*.

A pesares dese florecemento inicial hai que agardar á época das Irmandades da Fala e da xeración Nós, que exerceron fonda influencia nos novos escritores da emigración, para que aparezan poetas de primeira liña, como o rexo bergantiñán Antón Zapata García, cuxa obra foi recollida tardíamente nos volumes *A roseira da saudade* e *Gali-ceibe*; e Eduardo Blanco-Amor, que publica os seus *Romances galegos* no 1928 ao findar a súa primeira época arxentina. Outros nomes deste tempo son Xulio Sigüenza e Herminia Paríña Cobián, que axiña voltaron á Terra; Roxelio Rodríguez Díaz; Ramón Suárez Picallo, que escribiu algunhas cancións ás que puxo música tamén Paz Hermo; e Ramón Rey Baltar, autor de *A gaita a falare*.

Despois da guerra civil xurden os nomes de Emilio Pita, o fino e sensíbel poeta de Jacobusland, *Cantigas de nenos*, *Os relembrs*. *As cantigas*, *Oonsel verdegal* e *Serán*; o músico Manuel Prieto Marcos, autor dos sobrios e expresivos *Versos en gama de gaita*; Avelino Díaz, inxustamente esquecido en Galicia, cos volumes *Debezos* e *Pallaregas*; e reaparece Eduardo Blanco-Amor co seu *Cancioneiro*, despois de trinta anos de silencio como escritor en galego.

Compre citar tamén a sinificativa obra de Eliseo Alonso (*Seara de romances*); Xosé Conde (*Mulhada noitébrega*, *Terra aluciada*); Xosé Neira Vilas (*Dende lonxe*); Antonio Santamarina Delgado (*Pra unha terra apremiada*); Aurea Abeijón (*Polos camiños de Deus*, *Queixas*); Gumersindo Sánchez Guisande (*Seis cantos galegos*); Ramón D. Villar; Miguel Revestido, Bernaldo Souto; Antonio Fernández Pérez; Xesús Calviño de Castro; Alfonso Gaxoso Frías; Xérvasio Paz Lestón;

e ese sinxelo poeta que é Ricardo Montero, autor dunha belida *Canción de berce* que leva música de Prieto Marcos, e de moitos versos que pasaron anonimamente ao cancionero popular da emigración.

Entre os latinoamericanos de ascendencia galega figuran o arxentino Francisco Luis Bernárdez; Lorenzo Varela, nado en Cuba, formado en Galicia e na Arxentina, autor de *Lonxe*, *Cantiga nova* que se chama *cadea*, *Catro poemás galegos*; a malograda porteña Elsa Fernández, que nos deixou o seu brevisimo e fermoso *Lonxanía*; e, nun nivel de privilexio que lle corresponde de pleno dereito, a polifacética personalidade do galego-arxentino Luis Seoane, pintor, dibuxante, grabador, xornalista, editor, impulsor de múltiples tarefas culturais; duro e austero poeta en *Fardel de eisilado*, *Na brétema Sant-Iago*, *As cicatrices*, *A maior abundamento*.

Evocaremos tamén ao arxentino Eduardo Jorge Bosco, morto aínda mozo no 1943, alieo ao mundo galego, que deixou algunhas fermosas cancións na lingua de Rosalía.

A narrativa

A lingua galega foise achegando á prosa moi cautelosamente. Podería decirse que a verdadeira narrativa galega nasce coa xeración Nós, pois fronte á labor emprendida por ela, as poucas obras anteriores aparecen como simples exercicios experimentais. Nos primeiros tempos non están ausentes entre nós os prosadores. Compre lembrar ao ourensán Pío Parada Justel, radicado en Tucumán entre 1885 e 1890, e que dende alí enviaba interesantes crónicas ao *O Tio Marcos da Portela* de Lamas Caravajal; a ao contista Leopoldo Basa; e a Ramona de la Peña Salvador de Castro López, tamén recollidos por Carre; aos xa citados como poetas Bernardo Rodríguez Ribeira e Roxelio Rodríguez Díaz.

Mais a narrativa galega na Arxentina xurde firmemente despois do 1950, se ben con poucas obras, con alta calidade e facendo algúns aportes valiosos á prosa galega moderna. Nese senso, cabe citar en primeirísimo termo a Eduardo Blanco-Amor, que enceta un viño renovador, enmarcado nas liñas da nova narrativa, cos contos de *Os bishardos* e principalmente coa esperpéntica narración *A esmorga*. Outros autores de mérito son o vigués Mouses da Presa, dentro dunha estética existencialista, con *Chuvia...* e outras narracións; Ramón de Valenzuela Otero, que nos deu na novela *Non agardéi por ninguén* un dos escasísimos testemuños literarios da guerra civil; e Eliseo Alonso cos seus *Contos do Miño*. Un caso notábel é o de Xosé Neira Vilas, produto típico da emigración, que iniciou na Arxentina a súa carreira literaria e que publicou aquí a excelente *Memorias dun neno labrego*.

O inqueda Luis Seoane, Xosé Núñez Búa, Rafael Dieste, Xosé Ruibal, e o galego-uruguay Leopoldo Nôvoa teñen publicado algúns contos e narracións de boa feitura. O petrucio Antonio Alonso Ríos publicou a estrañia narración *Amore, arte e misticismo*.

O teatro

O teatro escrito na emigración ténese limitado, en xeral a representar obras sinxelas, máis ou

menos ligadas ao espectáculo folclórico. O interesante é sinalar que se trata dunha actividade, inda que secundaria e intermitente, de longa tradición na colexividade.

Xa na derradeira década do século pasado representáronse *A volta da romaría de Santa Xusta*, drama lírico de Manuel Nôvoa Costoya, o primeiro animador do teatro galego na Arxentina; e a comedia *Oxastre aproveitado*, escrita por quen máis adiante sería na Terra famoso polo seu drama *O fidalgo*, o poeta-zapateiro Xosé San Luis Romero.

Outra época de fortuna no teatro galego son a cuarta e quinta década da nosa centuria. Os nomes máis representativos desa época, sempre do que poderíamos chamar liña festivo-folclórica, son Daniel Varela Buján (*Se o sei, non volto á casa*; *Pola nosa culpa*; *A xustiza do muller*; *O ferreiro de Santán*); Xesús Seijo (*O manequín da costureira*); Manuel Núñez Búa (*Como as anduriñas*, *A venta de Mariquiña*); Xesús Varela (*Amor no cume*); Nicolás de las Llanderas, que ocupou un posto de relevo no teatro arxentino (*Naleña*); Roxelio Rodríguez Díaz (*A virxe do Cristal*, adaptación teatral do poema de Curros); Ricardo Flores (*Nai e filla*; *¡Xuí!*); Para iso son o teu amigo. *Un ovo de dúas xemas*, *Enguedella*).

Nunha liña que se achega ás novas preocupacións do teatro galego están o fol-drama *Mal ollo*, de Cándido Alfonso González; *As bágoas do demo*, de Ramón de Valenzuela Otero; *Os fidalgos de Rante*; de Alfonso Gaxoso Frías; e varias pezas escritas por Blanco-Amor en Buenos Aires, que se inclúen no seu recente volume *Teatro pra a xente*, editado na Terra. A esta lista dibese engadir tamén a farsa de Castel *Os vellos non deben de namorarse* que, agás o lance terceiro, é obra do eisilio.

A prosa didáctica

A forma cultivada na emigración é a prosa didáctica. Aparte de que a súa incorporación ás letras galegas é dabondo recente, incluso na Terra, é mester considerar que o escritor emigrado sintese compeliado entre nós a usar preferentemente o castelán para chegar a seitores máis amplos do público.

Non embargantes, —e deixando de lado ao xornalismo, tarefa meritosa na emigración, que cal fora dos nosos propósitos—, podemos rescatar títulos de algúns ensaios, como o libro terceiro de *Sempre en Galicia*, de Castelao; o referente á música e á danza galegas que Emilio Pita escribiu para a *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo; *Co pensamento na patria galega* e *A cultura galega na súa dimensión americana*, de Antonio Alonso Ríos. No orde da oratoria, téñense editado o poético *Discurso encol do idioma galego*, de Francisco Luis Bernárdez; *Alba de Gloria* de Castelao; *Antolía Faraldo* e *Encol da nosa Galiza*, de Rodolfo Prada; *Os problemas galegos*, de Liño Pérez; e *Nazonalimo galego*, viño de liberdade, de Vicente Barros. Deben considerarse tamén o feixe de notas radiofónicas de Luis Seoane, editadas co título de *Comunicacións mesturadas*; *Revocira*, un volume de comentarios de Xosé Núñez Búa; *O Estatuto de Galiza*, *Antecedentes e comentarios*, de Castelao; e *Pelerinaxe*, do arxentino Ricardo Palmás Casal.

HIJOS DE EDUARDO PEREZ S.A.

HEP

COMPRVENTA DE PANADERIAS
DESPACHOS DE PAN Y CONFITERIAS
PROPIEDADES

ALSINA 2919

T.E.

97-9285

97-7918 (8 Internos)

93-2338

MODERNO GARAJE

JOSE B. IGLESIAS S.A.C.I.F.

Estacionamiento por Hora

PARAGUAY 1439 Capital Tel. 41 - 2935

CENTRO PONTEVEDRES

Disfrute de su magnífico Pazo, utilizando su natatorio y demás dependencias del mismo a su cómoda disposición
Avda. del Libertador 1969 Olivos

Olivos

EN LEMBRANZA DE DANIEL CALZADO CONVOCADO CONCURSO PERIODISTICO

A Real Academia Galega fixonos chegar a presente convocatoria que atinxe moi perto ós esforzos patrióticos dos emigrados de Buenos Aires posto que foron eles quen, ós fins de honrar a memoria do ilustre patriota, deron as bases pra institución do PREMIO PERIODISTICO "DANIEL CALZADO POCEIRO" que se outorgará todos os anos por haber reunido os fondos necesarios pra que eisí suceda. A convocatoria da Real Academia Gallega di:

Para honrar a boa memoria do distinto conterráneo don Daniel Calzado Poceiro, recentemente falecido en Buenos Aires, destacadísima figura da emigración galega na capital bonaerense, onde mantivo sempre aceso o seu corazón, con entrañable lealdade e agarimo, ao servizo da terra nativa, a Real Academia Gallega, convoca un concurso periodístico, que se repetirá en anos sucesivos, para galardoa un artigo relacionado coa problemática da emigración.

Este concurso terá de rexerse polas seguintes:

B A S E S

Primeira. — O traballo, necesariamente orixinal e inédito, poderá estar redactado en castelán, galego ou portugués.

Segunda. — O premio, único e indivisible, de cincocientos mil pesos m.n., doado pola Agrupación

gallego-argentina Breogan que fora fundada e presidida polo esgrevio homenaxeado, será entregado ao autor do mellor artigo, con ou sen firma, publicado dende a data da presente convocatoria deica o 30 de xuño próximo, en acto solemne que a devandita Corporación celebrará o 25 de xullo, Día de Galicia.

Terceira. — As publicacións que inserten os traballos que opten ao premio de referencia deberán ser enviados, por duplicado, ao Ilmo. Sr. Presidente da Real Academia Gallega (Palacio Municipal da Coruña) antes do 10 do indicado mes de xullo, coa oportuna certificación de autor, expedida pola dirección do xornal ou revista correspondente.

Cuarta. — O fallo do xurado calificador, inapelable, darase a coñecer na Pensa rexional.

Coruña, 10 de maio do 1975

JOSE RAMON NUÑEZ SU FALLECIMIENTO

El día 20 del mes de mayo ppdo. dejó de existir don José Ramón Nuñez, víctima de una cruel enfermedad, en el Sanatorio Social del Centro Gallego donde estaba en asistencia.

Había emigrado muy joven a este país. Formaba parte de esa conocida familia de los Hermanos Nuñez de Fonsagrada y de notoria actuación en las entidades de nuestra colectividad: De José, Antonio y Ricardo. Los dos primeros desaparecidos ya. Como sus hermanos, se dedicó al comercio y a la industria, siendo promotores de la fabricación botonera de nácar, en este país, en la que lograron un lugar destacado. Su actuación en la colectividad fue escasa, solamente actuó algo en el Centro Luceño, fue representante de socios, en el Centro Gallego y colaboró siempre, ayudando en todo lo que fuera posible, la labor que realizaran los hombres de nuestra colectividad.

Al velatorio de sus restos, y al sepelio de los mismos, en el cementerio de la Chacarita, asistió una numerosa concurrencia que puso de manifiesto la pena causada por su desaparición.

CORREO DE GALICIA. se adhiera al duelo y envía a su esposa, hijos, hermanos, sobrinos y demás familiares, sus sentidas condolencias.

MOLINARI

El Patronato de Cultura Galega de Montevideo ha resuelto entregar la "Vieira de Prata" de este año al escritor argentino Víctor Luis Molinari.

Dicha distinción será puesta en manos del honrado en el transcurso de los actos celebratorios de las Jornadas Gallegas del mes de Julio, a realizarse en la capital uruguaya.

Valentín Fernández, socio honorario de una sociedad mutualista de Catamarca

La Sociedad Española Mutual, Cultural y Deportiva de Catamarca, institución centenaria, acaba de designar por acuerdo de asamblea de sus asociados, a nuestro amigo Valentín Fernández como Socio Honorario.

En nota de comunicación al interesado los mutualistas catamarqueños señalan que dicha decisión fue tomada por unanimidad y teniendo en cuenta el amplio apoyo que a esa entidad prestó Valentín Fernández desde su cargo de Presidente del Instituto Nacional de Acción Mutual y, posteriormente, en las diversas tramitaciones por él realizadas a los efectos de concretar diferentes iniciativas de indiscutible beneficio para la Sociedad Española de Catamarca.

Nos congratula tal noticia por lo que supone de reconocimiento a quien viene trabajando generosa y desinteresadamente para el engrandecimiento del mutualismo argentino.

Banquete - Aniversario de la Agrupación Breogan

El 11 de julio próximo en los salones del Centro de Panaderos tendrá lugar, a las 21 hs., el banquete aniversario de la Agrupación Gallego Argentina Breogan que promete alcanzar destacados relieves dado el entusiasmo que reina entre sus adherentes para que el mismo, por la afluencia de público, supere el nivel alcanzado por los efectuados en años anteriores.

El invitado de honor de este año será el ex gerente general del Centro Gallego, don Ovidio Fernández Díaz, al que se le entregará la medalla de oro del año 1975 siguiendo una práctica inverrada y que suscita verdadera

simpatía por la justicia con que fueron discernidas la actual y las anteriores.

El banquete se verá realizado por la presencia del presidente del Centro Gallego, don Juan Manuel Pérez.

Nos informan las autoridades de la Agrupación Breogan que quienes estén interesados en concurrir a esta fiesta pueden formular su pedido de reserva de tarjetas en la sede de la misma, Moreno 1949 capital o hablando al teléfono 48-0773.

La fiesta reviste carácter de homenaje a los ex miembros del Comité Ejecutivo de la Agrupación.

AGRUPACION BREOGAN

Invita a sus adherentes y amigos al gran banquete-aniversario a realizarse el 11 de julio a las 21 horas, en el Centro de Panaderos, Sarmiento 2523. Reserva de tarjetas en la sede de la Agrupación, Moreno 1949 o al teléfono 48-0773.

PARAGÜERIA Y MARROQUINERIA

de JOSE S. RODRIGUEZ

Artículos de Alta Calidad

Av. RIVADAVIA 6575 — Tel. 63 3948 — CAPITAL

BANCO DE GALICIA Y BUENOS AIRES

DEPOSITOS PARA TITULOS Y ACCIONES
PRESTAMOS CAJAS
HIPOTECARIOS DE SEGURIDAD
CAJAS DE AHORRO TODA
DEPOSITOS OPERACION BANCARIA
A PLAZO FIJO

CANGALLO 415 Tel. 46 - 0271 y 0281



COMPRVENTA DE NEGOCIOS EN GENERAL

América

PANADERIAS - CONFITERIAS - DESPACHOS DE PAN
GARAGES - ESTACIONES DE SERVICIO
SEGUROS - CONTABILIDADES

EDUARDO A. PEREZ

Director

Avda. de Mayo 822 - 4º piso - T. E. 33-9570/33-4269

(Edificio Propio)

Joyerías

Artículos para Regalos

FAZZONE & GARCIA

Alhajas y Relojes

Casa Central

AVENIDA PAVON 16

Tel. 22 - 6574

AVELLANEDA

CASA BLANCO

SOC. DE RESP. LTDA.

FABRICA DE ROPA PARA TODO TRABAJO

JERONIMO SALGUERO 2599 Tel. 71 - 1496

CENTRO ORENSANO

Eugenio Lemos y Cia.

RESTAURANTE

BUFET SOCIAL - BAR

Especialidad en platos típicos Bacalao Pulpo -

Calamaretes Paella Cazuela de mariscos

Los Lunes PUJERC GALLEGOS

AVENIDA BELGRANO 2186

Tel 47 7064

BUENOS AIRES

ASADO DE CAMARADERIA DE UNION GALLEGA

El domingo 11 de mayo se realizó en los salones del Centro Orensano de Buenos Aires el Asado de Camaradería programado por esta agrupación. Chicas resultaron las instalaciones destinadas a ese fin, y a pesar de haberse distribuido mesas en todos los lugares disponibles, fueron muchos los simpatizantes de Unión Gallega, que no habiendo reservado su tarjeta con anterioridad debieron resignar sus posibilidades de ingresar al acto. Por este hecho, y cumpliendo un expreso deseo de sus dirigentes, trasmitimos su pesar a los amigos que se vieron en tan ingrata situación.

La cabecera de la mesa fue honrada con la presencia del Presidente del Centro Gallego de Buenos Aires, don Juan Manuel Pérez, su vicepresidente primero don Higinio Espósito y los representantes de las agrupaciones hermanas, quienes disfrutaron del grato ambiente familiar así como del succulento asado a que ya nos tiene acostumbrados el representante de Unión Gallega ante el Centro Gallego don José A. Buezas. La nota simpática fue dada por el servicio de las mesas, en el que fue dable observar oficiando de mozos a varios de los profesionales que esta agrupación cuenta en sus filas, en demostración de la sencillez y vocación de servicio que los caracteriza.

Sobre el final del acto se sortearon entre los asistentes valiosos premios, que contribuyeron a realzar el ambiente ya de por sí animado y que da una idea de la cordialidad y armonía reinantes en esta cada vez más pujante agrupación de la coalición democrática que gobierna el Centro Gallego de Buenos Aires.

El Centro Pontevedrés Celebró su Aniversario con un Banquete

